

# O LABREGO

SOMANARIO D'INTERESSES REGIONALES E LITERATURA

REDAUCTION E ADMINISTRACION, PALACIO 10 BAIXO.

Ano I.

Lugo 8 de Xaneiro de 1891.

Número 1.

## ADEVERTENCIA

Teráse por suscriutor a todo aquel que despós de recibilos tres primeiros números d'O LABREGO non os haxa devolto.

## O NOSO PROGRAMA

¿Qué ven a facer O LABREGO?—dirán os nosos leutores—Pois duas palabriñas e cont'acabado.

O LABREGO, sin representar bandería púltica algunha, ven a defender os intereses de Galicia, esquencidos—antes mais qu'agora—polos nosos gobernantes. Como non tén nada n-o papo falará crariño.

O LABREGO, continando sempr'ò lau d'a nosa Iglesia Católica, non se meterá nin tén pra que meterse en custiós relíxiosas: non dará sorte a homes que s'encubran co-anónimo nin que busquen a prensa como médeo de satisfacer pasiós ruís; pol-o camiño tranquile asosegado d'as ideas, traballará pol-o ben-estar d'esta rexión, dand'espécealmente, sempre que poida, axud'e oidas ós nosos peisanos, que, rematando o siglo XIX, *sementan e recollen centeo que non proban*. A estes mais qu'a naide, están adicadolos nosos traballos.

N-as poucas horas de vagar, acuparáse tan soilo de refrir certas esceas que no chan gallego soceden, e d'entreter, de vez en cuando ós que lle dean ás cadeliñas, xa co-algun *contiño de mil mintiras*, xa tamén dándoles conta de todos aqueles socesos que merezan ser conocidos.

E co-unha apert'a todolos que falan es-

ta soave e dôce lengua y-un afeutuoso saudóns nosos colegas, pon punto

Pol-O LABREGO,  
A Redaución.

## ALERTA CALLEGOS

Próximas as eleuciós de Deputados á Córtes, temos que dar un conselliño á médeo de prólogo d'as nosas tareas, á todo-los que viven n-este anaco de terra, pra nos tan quirido.

Por aquelo de que quen tén o pote o lume, medeo camiño ten andado, sabredes perguntar a aqueles que vos piden o voto, qué demos de cousas van facer ó Congreso; qué ideas e criterios teñen acerca d'eso qu'annda rodando polos pródicos e que lle chaman *Custiñón arancelaria*; qué resultados dará a elevación d'os dereitos de importación de certas materias; si con motivo de esas cousas o noso ganado seguirá embarcándose pra Inglaterra; si pensan meterll'unha entrada a esas compañías d'os camiños de ferro pra que leven, como levan n'outras naciós, os produtos case de balde d'un lau a outro; ou si pensan que a España enteira ha de estar amarrada a media ducia de acaparadores castellanos e outros tantos frabicantes catalás que nos queren xiringar n'a persent' ocasión.

Todo esto e moito mais que nos queda n'o tinteiro, acúrresenos; e acúrresenos, así Dios nos leve, co-a maior boa fé, sin que nos

guíe paseón algunha de sistemas aconómicos ou polítecos.

O noso pensar está reducido o siguiente: non queremos morrer de fame, nin que a fanga de centeo chegue a cinco pesos nin que os nosos ganados, fonte insegura de donde sacan os peisanos os cartiños que entregan mansamente ó Estado, se vendan, como fai anos, a bocados de pan.

Mirade pois o porvenir que nos espera e despois non nos relaxemos com-a tolos d'os traballos e miserias que nos veñan encima, qu'a voz de alerta xa vol-a dá hoxe O LABRECO.

## X.

## LEMBRANZA

Ó meu apreceabre amigo Pepe Salvador

Lexano marmulab'o manso río  
e desertol-los campos s'alcontraban  
certa tarde que d'un castiro á sombra  
os dons d'a Natureza contempraba.

De súpet'unha voz moi armuniosa  
chegou, ferind'o espacio, ós meus oubidos  
entonando canceón tan lastimeira  
qu'ó porcatarme d'ela inda sospiro:

Queixándose d'amores unha moza  
qu'en prouesma pradeira gadañaba  
con tenrura cantab'as *falsezades*  
d'o perxuro galán qu'a abandonara.

Bagullas pol-as páledas meixelas  
ó tempo que cantaba lle corrian;  
¡miña xoyal.. Chorab'e n'era estrano,  
¡calquera n-o seu caso choraría!....

¡Y-eu qu'atento escoitab'aqueles cantos  
cheíños de dôzura e sentimento!....  
¡Que voz anxelicál tiñ'a rapaza!....  
¡Non me quero lembrar por que padezo!

Así é qu'alo d'o vrán n-as böas tardes  
por s'oía aquela voz tan feiticeira  
jiba sempr á mesma sombra d'o castiro  
a contemprár os dons d'a Natureza.

B. Varela.

## O NUE ME DEA UN PAU, DOULL' UN PESO

Védelo, védelo..... Hébos un mozo entrao en vintedous anos, forte com'un castiro, de sombreiro debullado, roxo, vistido de pano de cocheno e dono de gramalleira e muestra de prata.

Armado d'a sua moca, petando forte c'os zapatos novos d'amallós, e con coronta reás na faltriqueira, sal pra romaxe. Como tener a de buxo, rebrinca pol-a corredoira, e de vez en cando cospe por entremedias d'os dentes d'adiante. Todo e n'el rebustez, todo e n'el fogaxe; non s'alecontra n'a parrquia rapaz que guíe tan ben un carro diantero, quen repinique com'él un aturulo, quen entoleza, com'el sabe, unha rapaza.

Fillo úneco d'unha viuda (cuiamente terá esta cincoenta anos), e por aquello de "fillo d'a vella criado a mau," a sua nai desmeníñase por él; por non inquixalo da sete voltas e faille todo o que pide. A nai, que unha baraza de lá, díolle ó salir: coida Xaniño d'as compañías, non te me xentes ós de sempre e non che leve a tema o viño d'o Xudio, que ten compostura.

—Bó, bó, conque cousas me sal, non teña medo, non hai quen me compremeta e pol-o demais—dando co-a mau—aquí hai peito.

—Vaya, filliño, acórdate d'o que che digo, e que a Madanela te guíe.

Tales foron as últimas palabras d'o parrafeo entre nai e fillo.

E collendo o fio d'o conto (quén sabe si é hestoreo) o Xaniño, como lle chamaba a mangoleta d'a nai, iba pol-a corredoira cara á romaxe. Sin arroparar n'a limpeza d'o ceu, d'o que baixaban rayos de fogaxe, nin n'os esprendores d'a terra, cheña de ben de Dios, acaneábase Xaniño xogando as voltas d'a rodeira. Xa se sintían os foguetes que de cand'en cando estoupaban, xa s'oían os laidos d'a campana, abalada pol-os pícaros d'o Burgo que alasaban c-o traballo; todo esto facíall'a Xaniño dar unha volta á sangre,

reloucando n'os praceres d'a festa que l'esperaban.

Cheg'ó un cómaro y-arropara qu'ó heredor d'o rosquilleiro estaban os rapaces xogando as rosquillas; tintenea n-o peto os cartos e apret'ó paso; e antes de dar o as, colle cartas n-as qu'iban jarrenegado sex'ó deño! o mesmo naipe d'a sorte.

Levant'a moca e dill'ó rosquilleiro: enfia aquí esas roscas que parezm'a min n'har de ser mal lastre; ti Farruco, Anxel d'o Piñeiro y-os que queiran vir, andade que vamos a ver que tal caldufada vend'o Xudío.

Meu dito meu feito, entran n'o allayo que tiña o Xudío. O carón d'o carro ond'estaban os pelexos, sétanse unhos, escrequéunans'outros e deitans'os mais como Dios lles da a entender, perparados a roel-a bucela.

O labieiro d'o taberneiro, asi que viu vir tanta mocedá, fixo conta d'a venta qu'ib'a têr, e dirixíndos'a Xaniño, pergúntalle: e logo ¿que vai a ser? ¿Sacarei oito netos?

—Oito netos pra desorballar e despôs o que cadre,—contestoull'o toliño de Xan.

—Téñobolo bon, así eu medre, ferve de bon.

—Ferverá, ferverá, pro non será co-a forza d'a uva, será c'os meixunxes que lle botas, meigo d'home.

E así conto vai, conto ven, laparon os oito netos y-outra ronda que pagou un d'os d'a compaña.

A todo esto, o sol iba baixando (1) ó mesmo tempo qu'os corpos quencían. Un gaiteiro con unhos bofes qu'outros cobizarían froreab'unha muiñeira pra un corro de bailarís d'o mellor d'a romería. Ali estaban o herdeiro d'o Castro, Marica d'a Casagrande y-outros rapaces d'as casas mais cheas d'aquela terra; ¡Qué puntos sacaban, cómo folguezaban, que lixeireza n'as voltas *elas* e que feros estaban *elas*! ¡Qu'honestas y-entretilizas parcían *elas*, e que garbosos e valentes *elas*! O gaiteiro bufá que bufá, y-os rapaces salta que te saltarás. Daba gloria cando daban as voltas ver aquela ringuileira de mo-

zas que vertían saúde, diante d'outra de rapaces que escachaban as pedras de fortes e ben formados.

Cando mais adivirtidos estaban, chega a compaña d'o mozo Xan con este de cabeceira.

—A ver—dí—hay que botar un viv'a Salgueiroso y-o que non-o diga, croquéase-llo oombo.

Parou o baile e antes de que naide bota's'un berro, x'estaba diante de Xan o herdeiro d'o Castro e dille: que queredes, vides ledos e quereis camorra ¿eh? pois camorra vades á ter.

—Pra min non hay home di Xan y-o que queira algo que salla;—e botándose pra fora d'a familia:—o que me dea un pau doull'un peso.

Os d'a compaña siguen y-ármase unha de paus como quen dá n'un millo.

O herdeiro, que xa lle fervia a sangre por darse con Xan, arremet'a este co-unha vara.

Deféndese Xan, pro o levantala moca, outro d'os d'o baile qu'estaba detrás, zumball'un pau n'a cabeza qu'o deixa deitado.

Todos crerón qu'estaba morto; unhos fuxian por non caer n'as maus d'a xusticia, e outros, mais atravesados, pertenden erguer a Xan, que non dab'a pe nin a perna. Collen co-él e deitado n-unhos fungueiros, levárono como poideron a sua casa.

O ver entrar aquel cortexo, dí a nai de Xan: ¡Ay disgraciadiña de min, que me trán mort'o meu fillo! ¡Ay de min, que xa m'o dab'a y-alma, que ll'había de soceder algunha cousa!

O Xan volvia en sí pouco a pouco é como puido, perguntou: ¿Ai hó, sabedes quen me deu este pau n-a cabeça?

—Non che sei, dille un d'os bôs amigos qu'o levaran pr'a casa; pro, foiche bon pau, que por pouco te deixa n-o siteo.

—Pois mira, agora daba un peso ó que m'o sacara d'encima qu'abofellas pésacheme de verdá, contestou ó Xan, que dende aquel día foi home de ben.

X.

(1) Xa sei qu'esto n'é verdá pro parécea.

## VILLANCICOS

*O Dios pequerrequechiño  
vimoslle hoxe a supricar  
que nos libre d'a cochambre  
qu'aburándonos está.*

Somos os probes labregos,  
ben o debeis reparar  
n'esta cariña esfamiada  
que di que non proba o pan,  
porqu'as rentas y-os trabucos  
non deixan un solo grau,  
sinon comendo o gardado  
pra n'o Outono sementar.

Moi logo se nos conoce  
n'estas zoquiñas de pau,  
n'estas roupas que mendamos  
hastra xa non poder mais,  
por ter que vender os cerros,  
as estopas y-hastr'a lá  
pr'os consumos que nos botan,  
por comer berzas sin sal,  
os probes que por disgracia  
nos levaron a votar  
pol-os que dempois perderon  
n'o sufraxio eleitoral,  
cando n'esto d'a políteca  
á nós tanto se nos dá  
que mande un goberno ou outro  
que reine Perico ou Xan,  
con tal de qu'os Sacretarios  
y-os qu'o reparto nos fan  
y-os condanados d'a curia  
nos queiran deixar en paz  
e perdan algo a costume  
que teñen de nos reubar.

*Por eso meu pequenijo  
vimosch' hoxe a supricar  
nos libres d'esa cochambre  
qu'aburándonos está.*

\* \*

Nosoutros somos gallegos  
d'esta terrña que vai  
camiñando haci'o progreso,  
con tal pasenino andar,  
com'on enfermo que sale  
d'unha grande enfermedá.  
Agora que d'a cegueira,  
d'esa grand'escuridá

que tanto tempo nos tivo  
soparados d'os demais,  
barrenand'os nosos montes,  
nos veu o tren á curar;  
agora que todos saben  
canto a nosa sangre val;  
agora que nos conocen  
e non saben respetar,  
nos manchando o noso nome,  
como fai tempos atrás,  
agora, que tod'o mundo  
ven outra volt'a esprotar  
as leñas, os saltos d'auga,  
os viños, os minerás,  
os manantiales que temos,  
os grandes portos de mar  
y-outras mil cousas qu'a miudo  
tanta importáncea nos dan,  
fai qu'eses homes qu'ás Cortes  
nos van á representar,  
en quen todos reconocen  
que son notabilidás,  
non agoten o talento,  
solo en politiquear  
que s'acorden qu'o gallego  
morrendo á mioca está  
qu'atendan menos de côte  
á infruenza personal,  
qu'ós intreses qu'os peisanos  
lles quixeron confiar,  
que pois conocen os males  
qu'afrixen á seus hirmaus,  
traten de pórllas romedeo  
cando n'as suas maus está,  
e por fin qu'eses talentos  
qu'à politeca se dán  
non perdan tanto a vergonza  
e teñan mas dinidá;  
por'anqu'esto é naceario  
pra subir e pra medrar,  
pensamos nosoutros mentras  
qu'agoantamos o que far,  
que subir d'esa maneira  
n'é subir, qu'é gatuñar.

E vendo qu'ano tras ano  
por meten o que non dan,  
*vimos á ti Dios meniño  
humildes a supricar  
nos libres d'esa cochambre  
qu'aburándonos está.*

Xesús Roariguez López. (1)

## XUNT' O PALLEIRO

—Hola, Marica.

—¡Querid' Antona!.. ¿E logo que contas?

—Nada, muller; que ch'estou moi desgustada porque s'alcontra moi maliño o meu Lebóreo.

—¡Que me dis!.. ¿E dende cando?

—Verás, Marica: Onte fumos Lebóreo y-eu a dar un paseio pol-a carretera; metimonos n-unha tabern'a comer ameixolas, y o Lebóreo fartouse tanto d'elas, que ten hox'unha indigestión que lle com'os fidagos. Xa ves qu'eu sin él non podo vivir porque lle quero con tod'a y-alma; asin'é, que non séi o qu'hoxe me pasa.

—¡Cala, muller, non t'affixas!; pois xa sabes que n-este mundo n-houbo rapaza tan disgraceada como eu. 'O fin, ti, inda tel-a espranza de que sanará Lebóreo; pro, eu, xa ves: Necomedes marchou deixándom'a min d'esta maneira. A ti, anque Lebóreo morra (que non morrerá, Dios diante) sobraránche pretendentes; porque, sin qu' esto sexa farolada, eres bôa moza; pro, eu, que parez' unha frauta, xa perdín todal-as ilusíós, e soilo volvendo Necomedes podréi ser filiz.

—Ai, Marica! Non m'estrana que te quéixes; pro, tamén che digo, que s'o meu Lebóreo morrese, terían que meternos os dous n-a mesma foca; quérochelle moito porqu' él soilo pens' en min; e sinón xuzga por esta carta que me mandou hoxe:

«Querid' Antona: T'estoi moi malito, ainda parece que teño las ameixolas atrancadas en la gorxa. El médeco deum'un gomitivo para que valeiras'el estómago; pro, eu, no lo valeiré porque no puiden gomitar.»

«Soilo enti pienso, porqu'eres mais feiticeira qu'el craviél. Si estovieras al lau de mi cama, poida ser que ya me puxera bueno.»

«Querid' Antona: Non t'adiviertas con naide, porque x'a sabes que te quiero moito dend'el primeiro bico que nos dimos.»

«Adios, Antonciña: Arrencuérdate sempre de tu amante, que si Dios quer, pensa degar moi logo el leito:

Lebóreo.»

X'a ves, Marica, o moito que Leboreño me quer; y-eu tamén teño qu'adicarll'o meu carino, porqu' é moi bô rapás.

—Ben-o sei Antona; mais, non debes lembrarte de certas cousas, deixa qu'o tempo corra, e xa Diós dará romédeo. Eu, qu'estou pior que ti, ainda fago por non pensar n-a miña disgracia, porque sinón, x'estaria morta.

—Tes razón, Marica: N este mund'hai que ter moita pacéncea: Dí a qu' hora nos veremos mañá pr'a falar con mais calma; pois agora teño que levar este feixiño de palla qu'están esprando por él.

—Pois d'estoncias mañá moi cediño agárdoche n-a horta. Mira que non faltes.

—Descoida, muller, que non faltarei.

—¡Adios, logo, Antona!

—¡Hastra mañá, Marical!..

B. V.

## ¡ADIOS!!...

«poeta galicano Albino Simán Pintos (1)

—«Adiós vila de Maside,  
carballeiras sombrisadas,  
pradeiriñas esmaltadas  
y-alta torre d'o rilós!  
¡adiós, feituquiñas nenas,  
adiós, miña nai querida,  
adiós, luz d'a miña vida,  
pra sempre, cícais, adiós!

»Piñeiraes rumorosos  
de penzos corpos erguidos  
qu'escoitand-eses laidos  
tantas tardes me pasei,  
¡ay! adiós, adiós pra sempre;  
camiñando vou pr'a guerra,  
deixando vou esta terra  
en donde tanto goceil

»¡Adiós, regueiriño manso,  
que decote vas surrindo,  
por entr'a lesta bulindo  
mil xogos facendo vás!  
¡adiós miñño querido,  
onde pasei tantos días  
envolto en dolces legrías  
cand'eu era inda rapás!

»Caminiños d'entr'o millo  
onde mil veces sentado  
d'a miña prendiñ'ô lado

(1) D'o libro en prensa titulado «Brisas Gallegas», d'o siñor Lois Vázquez.

pasei tardes sin sentir;  
d'ir á pesca, canibela,  
de cazar, carabiniña,  
adiós todos, voom'axiña  
de vos pra sempre voom'fr!

»¡Adios, vaquiña marela,  
gato qu'estás n'a borralla,  
canciño qu'estás n'a palla  
dormindo com'un lirón;  
figueiriña tan querida,  
pereiriña que dás peras,  
¡ay! adiós, vóume de veras  
con delor n'o corazón.

»Cand'estéa lonxe, lonxe  
entre fume y-entre balas,  
escoitai as miñas falas  
qu'inda vos dirán jadiós!  
y-estarei alí lembrando  
tanto recordo sagrado  
hastra caer magullado  
baixo d'os feros caños!

»¡E tí, naiciña querida,  
cando sépias que por sorte  
me levou pra sempr'a morte,  
corre, corre sin parar  
e recoll'o meu corpiño  
y-a Galicia con el ide  
e n'o ädro de Maside  
deixádeo alí descansar.»

Chéo de melancónia  
así escramaba un soldado  
n'unha peneda sentado  
con fondo e triste delor;  
pouco a pouco levantándose  
y-o morral ó lombo pondo  
escramou c'un layo fondo:  
«¡Maside, pra sempr'adiós!»

## CASOS E COUSAS

O domingo 4 d'o autual foi conducid'ô cimenterio o cadávre d'o siñor D. Manoel Tato, beneficiado d'esta Santa Catedral, e tio d'os nosos preceabres amigos D. Laureano e D. Leoncio, ós que, como á demais familia, acompañamos n-o delor que sufren por tan sensibre perda.

Notícea de España:

«La clausura de la estafeta de los Cuerpos Colegisladores produce á la Hacienda, por término medio, 10000 reales diarios.»

Calquera pode sacar sustancea d'os anteriores ringuilós.



N a lotería de Navidad celebrada últimamente foron agraceados con parte d'o premio mayor dez dependentes de consumos d'esta ciudá; pois quedaron cesantes.

Acompañamos ó siñor Alcalde n-o delor qu'experimentou ó votalos fora; a pesar de qu'él mesmo dixo que «non lle pareceran moitos.»

Y abofellas, que de sesenta dependentes qu'hay en consumos, deixar d'un golpe cesantes á dez, tampouco a min me parece esaxeración.

Pois fan falla ¡cinco días!

sinon voto mal a conta,  
pra qu'a feixiños d'a dez  
queden os restantes fora.



E xa que de lotería falamos, non debemos de queixarnos en Lugo por falta de tal xogó: lotería n'a sociedá «Círculo de las Artes,» lotería no café «Méndez Núñez,» lotería n'o «Café Español;» en fin distraución abonda; soilo fan falla as cadiñas.

Y-O LABREGO e partedario  
d'o xogó d'a lotería  
pois d'esta maneira as fabas  
saída teñen bastante.



Morreua na Cruña o verdugo Xorxe Mayer.

A afucion a apertar gorgas non pasou inda, posto qu'un sobriño d'o morto perten-d'a praza.

Non deb'haber xenro.

Pois sinón en estes tempos  
en qu'abond'a yernocracia

un xenro e non un sobriño  
debería outar á praza.



O señor Velaude pidiu prezos d'as colúminas minxitorias pra poñer algunha n'esta ciudá.

A praudimol'a idea d'o siñor Alcalde, y-especealmente porqu' estamos n'o inverno; qu'o demais pol-o vráu ainda non son moi nacesáreas as *colúminas*, posto qu'as calles tamén percisan *rego*.



A hora d'esquirbir estes rínguilós dinnos que veñen cara á Galicia os nosos Diputados D. Manoel Becerra e D. Teolindo Soto.

As visitas d'estes siñores sempre veñen ben ós eleutores que lles deron o voto; pro, n-as autuales circustancias teñen aquéllas maior importancia.

¡Por qué?—Porqu' o país, que sofre e paga, ten unha medrana terrible porque crê —e con razón—que non vai a ter cousa que lle dea o nacésario pra pagar as contribuciós; y-é porque a chamada *masa neutra* que non come nin d'uns nin d'outros, pro qu' é o nérveo d'esta disgraceada Nación, afigúraselle que tanto *liberales* como *conservadores*, o que fán é traballar pr'os seus paniaguados, sin que se lles dea o negro d'unha uña, ós seus representados, estean bén ou mal.

E ágora dí O LABREGO: ¿Quererán eses siñores que nos veñen a ver, *pasar pol-o papel* que lles axudican os que d'a referida maneira pensan?....

Non, non: O LABREGO crê que veñen a *tomarll'o pulso* á openión, e que d'esta conformidá, han de facer valer n'o Congreso, en todo tempo, contra catalás e demos que se persenten, os direitos de Galicia.

O LABREGO dalles os siñores Becerra e Soto a mais cordial ben-venida; pro, débelles facer presente, que sempre foi verdá aquello de «non se collen as troitas a bragas enxoitas.»



Din que n'o Congreso andiveron a paus os siñores Martos e Canalexas.

Co-este motivo fálase d'un *duelo* entr' ambos prexonaxes.

¡Agora que veñan dicindo que n'hay fillos *valentes!*....

Sin que co-esto queiramos sinificar qu' é *fulero* o siñor Martos (pai).



¡Arrenegado sea o demo!....

¡E non-os quere xiringar outra vez a neve, cando xa pensábamos que viñ'o bón tempo!....

Siñor Alcalde espramos d'o seu celo diut'a tempo as nacesáreas ordes pra que desaparez'a neve d'as calles (n'o caso de que siga nevando), antes que cuaxe, como últimamente socedeu.

¡Non sex'o demo que s'aumente en Lugo o número de coxos!



Os industreales que non vayan anunceados n'este número (por esquencemento contr'a nosa voluntá), poden avisarnos e serán incuidos n'os socesivos, facéndolles presente que non lles costa nada o anuncio.



## LOSTREGAZOS

Sempre que vayas á misa,  
mira, rapaza, pro crego;  
porqu' o mirache pr' o mozo  
sole ser de mal efecto.

—¡Estráname Farruco  
verte tan ledo!....

—¡Ay hó! Si querces rirte.....  
llee O LABREGO!

---

EMPRENTA DE XERARDO CASTRO MONTOYA

Palacio, 10, baixo.

# SECCION DE ANUNCIOS.

**Ultramarinos.** — De Manuel Chao, Castillo, I.  
Eduardo Pereira, Traviesa, 14.  
Pedro Blanco, Dr. Castro, 13.  
Miguel Vila, Castillo, 12.  
Tomás Diaz, Ruanueva, 23.  
Pedro Souto, Progreso, 22.  
Pedro Rodriguez, Stº Domingo II.  
Luis Reboreda, S. Marcos, 18.  
Manuel Pérez, Dr. Castro, 3.  
Tomás G. Sobrino, Reina, 7.  
Jesús Sanchez, Cruz, II.  
Domingo Fernández, Plaza del Campo, II.  
Francisca Sixto, Plaza del Campo, II.  
José Vizoso, San Pedro, 56.  
Juan Núñez, Traviesa, 5.  
Manuel Ducás, Traviesa, II.  
Antonio Barreiro, Traviesa, I.  
Ramón Novo, Plazuela de la Nova, 3.  
Manuel Folgueiras S. Roque, 8.  
Manuel Fernández Díaz, Reina, 8.  
Manuel Benito Lopez, Armaná II.  
**Comerciantes en tejidos.** — Laureano Tato, Plaza Mayor, II.  
Viuda de Paz, Plaza Mayor, II.  
Plácido Ramos, Plaza Mayor 10.  
Manuel Quintana, Plaza Mayor 21.  
Los Chicos, Plaza Mayor, 44.  
Juan Vellón San Pedro, II.  
José Carro Crespo, Reina, 12.  
Santiago Carro, San Pedro, 41.  
Lorenzo Pérez, Reina, 6.  
Manuel Carro, Reina, 9.  
Benigno de la Mota, Reina, 5.  
Manuel T. Becerra, S. Pedro, 2.  
Bonifacia Carro, Cruz, 22.  
José Sanchez, San Pedro, 24.  
Rafael González, Reina, 22.  
Benita Menéndez, Traviesa, 22.  
Juan Novo, Traviesa, 22.  
**Chocolaterias.** — De Francisco Fernández, Reina, 10.  
Domingo L. Varela, Soledad, 13.  
Maria Juana Real, Plaza.  
**Sombrereras.** — De Pedro F. Pimentel, Plaza, 44.  
Andrés Rodríguez, Plaza, 44.  
J. coba Castro, Plaza, 2.  
El París Moda, Traviesa, 33.  
**Guarnicionerias.** — De Pablo Barreira, S. Pedro, 52.  
Antonio Montaña, San Pedro, 22.  
Faustino Liz, S. Pedro, 93.  
**Certerias.** — De Froilana Tato, Cruz, 8.  
Tomás Carballeiras, S. Pedro, 33.  
Jacobol. Castiñeiras, Armañá, II.  
**Confiterias.** — De Madarro y López, Dr. Castro, 2.  
Cipriano Barros, Dr. Castro, 14.

**Dentista.** — Manuel Rodríguez Lapela, S. Pedro 19.  
**Bazares.** — De José Varela y Hortas, Plazuela de Nova, I.  
Inocencio R. Luaces, Palacio Liborio Revilla, Armañá, 7.  
Manuel Balboa, Plaza, 30.  
Antonio Méndez, Plaza, 8.  
Francisco Nonded, Santo Domingo, 22.  
**Depósitos de máquinas de coser.** — Seidel Nann, Reina, núm. 13.  
Singer, Reina, 9.  
**Platerias y Joyerías.** — De Mateo Manso, R. 16.  
Ramón Fajardo, San Pedro, 17.  
Montes y Bedós, S. Pedro 40.  
Manuel F. Martínez, Plaza.  
Constantino Carreira, S. Roque, 2.  
Domingo Granda, Castillo, 12.  
**Peluquerias.** — Vicente Armas Reina, IC.  
Manuel Otero, Dr. Castro, 4.  
Francisco García, Plaza, 12.  
Francisco Verín, Plaza, 28.  
José López, Traviesa, 33.  
Andrés Varela, Traviesa, 9.  
Ramón Vázquez, Sto. Domingo 22.  
Juan Rodríguez, Traviesa, 22.  
Angel Doel, San Pedro, 58.  
**Funerarias.** — De Andrés Castrovilar, Cruz, 12.  
José Sanchez, S. Pedro, 24.  
Valentina Regal, San Pedro, 58.  
**Farmacias.** — Manuel Iglesias, Traviesa, 6.  
Tomás Pérez Varela, Dr. Castro, 6.  
Enrique Rodríguez Dr. Castro 22.  
Victorino Castro Laviña, S. Pedro, 21.  
Castro Freire, San Pedro, 30.  
**Zapaterias.** — De Angel Seijas, Cruz, 22.  
Pedro Fraga, Castillo, 6.  
José Fidalgo, Plaza, 22.  
Pedro Carballés, Campo, 14.  
José F. Riopedre, S. Pedro, 6.  
Viuda de Rodriguez, S. Pedro, 16.  
Jesús Escolante, Reina, 20.  
Viuda de Iglesias, S. Pedro, 32.  
Gregorio Regueiro, S. Pedro, 33.  
Nicomedes López, Castillo, 47.  
Ramiro Valin, San Roque, 2.  
Juan García, San Pedro, 25.  
Juan García, Castillo, 13.  
Juan Paderne, Falcón, I.  
Felipe Andrade, Progreso, 22.  
**Sastrerias.** — De Manuel Suárez, Reina, 3.  
José Montesino, Reina, I.  
Gumersindo Peña, Sto. Domingo núm. 14.

Francisco Meilán, San Marcos, 8.  
Antonio Campello, Plaza, 8.  
Angel Fernández, San Pedro, 55.  
Lorenzo Abelairas, Dr. Castro, 8.  
José Fernández, S. Pedro, 25.  
Andrés Barreiro, Plaza, 29.  
**Carpintería y Ebanisteria.** — De Luís Rego, Buen Jesús, 4.  
José Ocampo, Plaza, 16.  
Francisco García, Puerta Estación.  
Manuel Castro, Ronda de Castilla, núm. 12.  
Perfecto López, Armañá, 2.  
Manuel Montaña, San Marcos, I.  
**Herreros.** — Mateo Corral, Carrera de la Estación.  
Pedro Andrés, Armañá, 2.  
Leandro Goy, Tinería, 22.  
Juan Núñez, Obispo Izqdo. 5.  
Domingo Pérez, Bilbao, 15.  
**Librerias.** — De Manuel Andrade, Plaza, 12.  
Viuda de Alonso, Campo, 3.  
Marcelina Soto, San Pedro.  
**Fondas.** — De Mendez Nuñez, Plaza.  
Ramon Vaamonde, Reina 8.  
Pelayo Montero, San Marcos, 6.

## O LABREGO

SOMANARIO GALLEGOS

— DIRECCION E ADMINISTRACION —

IO, PALACIO, IO. — LUGO

Sai a luz os días 1, 8, 16 e 24 de cada mes en oito páxinas en folio, contendo artículos históricos, literarios e de costumes, poesías, e unha farta de contos, todo esquiroto con moita sal e pimento.

O que o queira lêr en Lugo, solo lle custa catro cadelos grandes o mes; e prós de fora, tres pesetas cada medio ano, que se pagarán adiantadas.

Portugal, 9 pesetas seis meses.

Ultramar, 18 o ano.

Extranxeiro, 18, id.

Número solto, 15 céts.

Idem atrasao, 25 id.

A correspondencia o Administrador.

O que pague o importe d'un ano adiantado, regalaráSELL' o tomo de poesías "Contos de todos os coores," d'o festivo esquirotor Anxel Vázquez Taboada.